

ACTA NÚMERO: 27/2022

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 14 DE XULLO DE 2022.

Na sala de comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas e 45 minutos do día 14 de xullo de 2022 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidente: Don Carlos Lopez Font, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. Miguel Adolfo Domínguez Alfonso, Deputado do Grupo Provincial do PP
- D. José Luis Mato Rodríguez, Vicesecretario da Deputación
- D. Susana Escaloni Varela, Viceinterventora da Deputación.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D Antonio Torrón Casal, adxunto a xefatura do Servizo de Contratación, Facenda de Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Apertura electrónica do Sobre A de documentación administrativa e relativa aos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado para a contratación dun Sistema integral de xestión de puntos de carga para a extinción de incendios forestais na provincia de Pontevedra no eido do programa de cooperación Interreg V-A España_Portugal (POCTEP) (Expte. 2022024458)*
2. *Apertura electrónica do sobre "único" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliábeis mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora do drenaxe lonxitudinal na EP-9703 Vilanova-Pontearnelas, do P.Q. 4+270 ó P.Q. 4+950 (Concello de Vilanova de Arousa)" (Expte. 2022025869)*
3. *Aprobación de valoracións técnicas do sobre "A" no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 0407 Borela-Ponte Caldelas, entre os P.Q. 8+775 e o P.Q. 9+000 (Concello de Ponte Caldelas)" (Expte. 2022015054)*
4. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliábeis mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 0407 Borela-Ponte Caldelas, entre os P.Q. 8+775 e o P.Q. 9+000 (Concello de Ponte Caldelas)" (Expte. 2022015054)*

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, D. Uxío Benítez Fernández, Deputado do Grupo Provincial do BNG, D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona Alma Mª Pérez Aguiño, Administrativa do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.e D Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. *Apertura electrónica do Sobre A de documentación administrativa e relativa aos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor do procedemento*



aberto simplificado para a contratación dun Sistema integral de xestión de puntos de carga para a extinción de incendios forestais na provincia de Pontevedra no eido do programa de cooperación Interreg V-A España_Portugal (POCTEP) (Expte. 2022024458).

O secretario da Mesa de Contratación informa que mediante Resolución Presidencial con numero RP2022004768, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado do servizo para o desenvolvemento dun sistema integral de xestión de puntos de carga para a extinción de incendios forestais na provincia de Pontevedra no eido do programa de cooperación Interreg V-A España-Portugal (POCTEP) .

O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 22-06-2022. Na mesma data, publicáronse no Perfil de Contratación os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realízase mediante a plataforma de licitación electrónica Vortal, que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polas empresas licitantes.

Posteriormente, se procede á descriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e ás propostas avaliábeis mediante criterios que precisen un xuízo de valor, achegados polas empresas que participan no procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir ás seguintes empresas presentadas:

-Vexiza SL (CIF B-24.683.559)

-Consultoría informática y Tecnológica del Noroeste SL (CIF B-94.115.177)

Empresas non admitidas: Ningunha.

Así mesmo a mesa de contratación acorda dar traslado da proposta correspondente aos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor aos técnicos do Servizo de Medio Ambiente para que avalíen e ponderen as ofertas.

- 2. Apertura electrónica do sobre "único" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliábeil mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora do drenaxe lonxitudinal na EP-9703 Vilanova-Pontearnelas, do P.Q. 4+270 ó P.Q. 4+950 (Concello de Vilanova de Arousa)" (Expte. 2022025869)***



O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e Oral, número 2022004774 de data 22 de xuño de 2022 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra “*Mellora do drenaxe lonxitudinal na EP-9703 Vilanova-Pontearnelas, do P.Q. 4+270 ó P.Q. 4+950 (Concello de Vilanova de Arousa)*”. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 22 de xuño de 2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres únicos correspondente á documentación administrativa e a documentación técnica valorable mediante criterios automáticos presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación dos sobres únicos presentaron ofertas as seguintes empresas:

- CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- ELSAMEX GESTION DE INFRAESTRUCUTRAS, S.L.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
- NAROM, S.L.
- CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.
- OBRAS GALLAECIA, S.L.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.





- CONSTRUCCIONES VALE, S.L.
- SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES IVANCA, S.L.
- NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.
- HORDESCON, S.L.
- CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.

Os valores ofertados foron o seguintes:

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	86.732,40 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	84.894,93 €	3%	36 MESES	SI	SI
ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	82.590,00 €	3%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	83.727,27 €	3%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	84.234,16 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	90.515,97 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	87.574,20 €	3%	36 MESES	SI	SI
OBRAS GALLAECIA, S.L.	86.786,71 €	3%	36 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	89.094,87 €	3%	36 MESES	SI	SI
MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	85.963,02 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	84.442,35 €	3%	36 MESES	SI	SI
SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L.	81.368,99 €	3%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA, S.L.	89.111,56 €	3%	36 MESES	SI	SI
NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	87.338,86 €	3%	36 MESES	SI	SI
HORDESCON, S.L.	90.488,81 €	1%	12 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.	83.800,00 €	3%	36 MESES	SI	SI

A continuación procedese á valoración das ofertas económicas detectando que as ofertas presentadas polas empresas, ELSAMEX GESTIÓN DE



INFRAESTRUCTURAS, S.L., e SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, conteñen valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

A Mesa de Contratación acorda facultar ó Secretario para que proceda a requirir as citadas empresas para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, xustifiquen as ofertas e precisen as condicións das mesmas, en particular o baixo nivel de prezos coa desagregación do orzamento con prezos descompostos por partidas e resumo de capítulos, acreditando que os custos de persoal estimáronse de acordo co convenio colectivo vixente para os traballadores que han de realizar os traballos, e as súas cotizacións sociais, rexeitándose a xustificación que non acrediten adecuadamente tales extremos.

3. Aprobación de valoracións técnicas do sobre "A" no procedemento aberto simplificado convocado par a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 0407 Borela-Ponte Caldelas, entre os P.Q. 8+775 e o P.Q. 9+000 (Concello de Ponte Caldelas)" (Expte. 2022015054)

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 3 de xuño de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adjudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da obra "*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 0407 Borela-Ponte Caldelas, entre os P.Q. 8+775 e o P.Q. 9+000 (Concello de Ponte Caldelas)*"

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 8 de xuño de 2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

A presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal e as empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES ENRIQUE C CASAS SL
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA SL
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS SLU
- NAROM SL
- ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS SLU
- CONSTRUCCIONES FECHI SLU
- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES SA

O Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Francisco Alonso Fernández, con data 8 de xullo de 2022, emitiu o correspondente informe



relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

EMPRESA	MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS	TOTAL SOBRE A
CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES S.A.	22,00	3,00	25,00
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U	18,00	3,00	21,00
NAROM S.L.	18,00	3,00	21,00
CONSTRUCCIONES E. C. CASAS S.L.	18,00	2,00	20,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA S.L.	14,00	2,00	16,00
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	12,00	3,00	15,00
ELSAMEX, GESTION DE INFRAESTRUCTURAS S.L.U.	12,00	2,00	14,00

A Mesa de Contratación en base ó informe do Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías e Obras, D. Francisco Alonso Fernández, de data 8 de xullo de 2022, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 0407 Borela-Ponte Caldelas, entre os P.Q. 8+775 e o P.Q. 9+000 (Concello de Ponte Caldelas)".

4. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 0407 Borela-Ponte Caldelas, entre os P.Q. 8+775 e o P.Q. 9+000 (Concello de Ponte Caldelas) (Expte. 2022015054)

O Secretario informa ós asistentes da puntuación acadada polas empresas presentadas e admitidas ó procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 0407 Borela-Ponte Caldelas, entre os P.Q. 8+775 e o P.Q. 9+000 (Concello de Ponte Caldelas)".

EMPRESA	PUNTUACIÓN SOBRE A
CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES S.A.	25,00
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U	21,00
NAROM S.L.	21,00
CONSTRUCCIONES E. C. CASAS S.L.	20,00



EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA S.L.	16,00
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	15,00
ELSAMEX, GESTION DE INFRAESTRUCTURAS S.L.U.	14,00

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xenera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación presentada nos sobres “B” correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da devandita obra e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

O valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	197.316,38 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	195.922,06 €	3%	36 MESES	SI	SI
ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	194.200,00 €	3%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	192.563,04 €	3%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	195.731,93 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	209.590,56 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	193.006,68 €	3%	36 MESES	SI	SI

A continuación procedeuse a valoración das ofertas económicas e da demais documentación avaliable mediante criterios automáticos, obtendose o seguinte resultado:



LICITADORES	VALORACIÓN ECONOMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACIÓN SOBRE "B"
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	21,96	5,00	5,00	5,00	36,96
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	24,11	5,00	5,00	0,00	34,11
ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	26,74	5,00	5,00	5,00	41,74
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	29,25	5,00	5,00	5,00	44,25
NAROM, S.L.	24,40	5,00	5,00	5,00	39,40
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	2,63	5,00	5,00	5,00	17,63
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	28,57	5,00	5,00	5,00	43,57

A Mesa de Contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto "*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 0407 Borela-Ponte Caldelas, entre os P.Q. 8+775 e o P.Q. 9+000 (Concello de Ponte Caldelas)*" que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACIÓN SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	21,00	43,57	64,57
2ª	NAROM, S.L.	21,00	39,40	60,40
3ª	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	16,00	44,25	60,25
4ª	CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	20,00	36,96	56,96
5ª	ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	14,00	41,74	55,74
6ª	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	15,00	34,11	49,11
7ª	CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	25,00	17,63	42,63

2. Propor ó órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 0407 Borela-Ponte Caldelas, entre os P.Q. 8+775 e o P.Q. 9+000 (Concello de Ponte Caldelas)*" á empresa, CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado 193.006,68 €



IVE (21%)40.531,40 €

Importe Total233.538,08 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

A Mesa de Contratación comproba que a empresa, CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U. figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público. Segundo se desprende dos datos recollidos no citado rexistro a empresa cumpre os requisitos da clasificación, capacidade e solvencia económica recollidos no PCAP, non estando incurso en prohibición de contratar.

3. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa, CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U., mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:

a) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:

- 1 Delegado do Contratista, Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares
- 1 Xefe de Obra, con titulación de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos ou equivalente. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares
- 1 Encargado Xeral, con experiencia para dirixir os equipos e elaborar informes técnicos. Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares.

b) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 9.650,33 €

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e cincuenta e dous minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, o Presidente da Mesa de Contratación.

